



(/BLOG/AUTHOR/MOMENTO.CORUNEN

O MOMENTO CORUÑENTO DE XURXO SOUTO

(/BLOG/AUTHOR/MOMENTO.CORUNENTO.XURXO.SOUTO)

📡 (/RSS/AUTHOR/MOMENTO.CORUNENTO.XURXO.SOUTO)

(/BLOG/AUTHOR/MOMENTO.CORUNENTO.XURXO.SOUTO)

V Día Lugrís

16/12/2014 TAGS: V (/TAG/V) DÍA (/TAG/DIA) LUGRÍS (/TAG/LUGRIS)

Meu gran Urbano, escriboche na badía de Muros a bordo dunha goleta cargada de esmeraldas. Somentes ti podes imaxinar a marabilla que fai o sol brincado de proa a popa. O capitán é un maltés de ollos garzos, barba saladina e un amuleto de nácar sobor do peito. É un home prevenido, en Quios arrecadou corenta odres de viño brillador e temos festa decote (...) No mencer ergueremos áncoras rumbo a Amberes. ¡Ouh o pantrigo fresco, as vellas tabernas latexantes de acordeón, as tendas estrañas co seu dono de anteollos de cuncha! Mercareiche tódalas pezas de alquimista que atope. Gostaríame que viñeses comigo a contemplar as lizgairas fragatas beilando na badía...Sei que outros horizontes che entreteñen. En que navío andarás agora a túa outa humanidade.

Lémbrome de cando nos atopamos no porto de Nassau, navegabas entón nun cachemare de leve proa e arriscada vela. O cargamento de ron fixera a túa voz ronca e lonxana. Como queimaba o sol nas amplias praias de Xamaica. Foi alí onde coñecemos a Desdémona e a Niobe...

Velaí un dos textos máis fermosos que coñezo de toda a historia da literatura. Un fragmento da carta Gnómica que en 1959, escribiu Avilés de Taramancos ao seu amigo, o pintor Urbano LUGRÍS, habitantes excelsos desta cidade-barco.

Como todos os anos –menos derrotismo e máis surrealismo ! - este sábado celebraremos unha nova edición do Día LUGRÍS.

O colectivo literario In Nave Civitas xa ten todo disposto para que vostede se enrole na tripulación.

Este é o noso plan de ruta: Ás cinco da tarde, inauguración do mural que recrea unha obra do mestre na Praza de José Sellier, seguido do obradoiro de paraugas pintados. Manifestación atlántica dende a Praza de Sellier até o Xardín de San Carlos, onde representaremos o primeiro encontro entre LUGRÍS e Avilés.

Por fin no Monty Ambigú, praza do Papagaio, recital poético cos vates do mar, Serafín Mourelle, patrón do Gran Sol, Xosé Iglesias, patrón do mar de María Antonia, e Manuel O`Rivas.

Como aperitivo, este xoves recuncarei cos “Contos do Mar de Irlanda” na Librería Nova Colón, rúa San Andrés, para dar un paseo do “ganchete” con LUGRÍS e Avilés, parella prodixiosa que iluminou nos anos cincuenta estas rúas do centro da cidade.

Entre tanta luz submarina, a reivindicación. Seguimos reclamando protección e medios para restaurar o mural do mestre que campa no medio da Rúa Real, no interior do café Veccio.

“Menos derrotismo e máis surrealismo”. O vindeiro sábado - o que pintou a Marola pintou a Mar toda !- V edición do Día LUGRÍS.

Está subindo a marea, ti non quedes varado en seco